



Proposta de modificación das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, en canto ao uso de teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos.

A proposta de modificación que sería a seguinte:

O apartado m) do punto “3.3.3.3.1. *Conduitas leves contrarias ás normas de convivencia*” quedaría redactado da seguinte maneira:

m) O uso de teléfonos móbiles, aparellos de son e outros aparellos electrónicos alleos ao proceso de ensino-aprendizaxe durante a totalidade da xornada escolar, incluídos os períodos non lectivos (entradas e saídas dentro do recinto escolar, recreo, comedor escolar, actividades complementarias e extraescolares, ...). Exceptuaranse situacións de oportunidade ou necesidade, por causas médicas ou de outra índole, sempre que sexan claramente xustificadas. O alumnado de ESA poderá utilizar estes dispositivos nos períodos non lectivos.

O apartado d) do punto “3.3.3.3.2. *Medidas educativas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia*” quedaría redactado da seguinte maneira:

d) Retirada de teléfonos móbiles, aparellos de son ou outros aparellos electrónicos alleos ao proceso de ensino-aprendizaxe, utilizados de forma reiterada durante a totalidade da xornada escolar, incluídos os períodos non lectivos. Retiraranse apagados e serán devoltos aos pais, nais, titores/as legais en presenza do/a alumno/a. No caso de que o/a alumno/a sexa maior de idade, se lle devolverá unha vez finalizada a xornada lectiva.